



BOLETÍN

SETEMBRO

APE GALICIA

- ✓ APE GALICIA ESTIVO PRESENTE NA I EDICIÓN DE “ MARÍN ESTÁ DE MODA” ORGANIZADO POR ESTRELA MARIN XUNTO CO CONCELLO.
- ✓ APE GALICIA ACODE Á REUNIÓN CONSELLO ESCOLAR IES CHAN DO MONTE.
- ✓ CURSO DE PREVENCIÓN DE RISGOS LABORAIS DE ATRA NA AULA DE FORMACIÓN DE APE GALICIA.
- ✓ APE GALICIA ASISTE AO TALLER DE ESCAPARATISMO ORGANIZADO POLA FEDERACIÓN GALEGA DE COMERCIO DE OURENSE.
- ✓ APE GALICIA RETOMA AS XORNADAS DE PRL NOS CONCELLOS DE OURENSE, VIGO, BAIONA E TUI.

INFORMACIÓN PARA AUTÓNOMOS

- ✓ APE GALICIA ENTREVÍSTASE COA CONCELLEIRA DE EMPREGO, FORMACIÓN, IGUALDADE E XUVENTUDE, COMERCIO E MERCADO ANA MARÍA NÚÑEZ ÁLVAREZ, DO CONCELLO DE TUI
- ✓ VENRES AUTÓNOMOS
- ✓ PROGRAMA PROFESIONAIS 4.0 .FINALIZA O PRAZO O PRÓXIMO 7 DE OUTUBRO
- ✓ ABERTO O PRAZO PARA OS PREMIOS COMERCIO GALEGO 2019

APE GALICIA

❖ APE GALICIA COLABORA NA I EDICIÓN DO DESFILE "MARÍN ESTA DE MODA"

O Centro Comercial Aberto Estrela de Marín, conxuntamente

co Concello, e outros colaboradores, entre os que nos atopábamnos, puxeron en marcha varias campañas de dinamización comercial durante este mes de setembro. As accións comerciais englobábase baixo o nome de "Marín está de Moda".



MARÍN
ESTA DE MODA

21.09.2019
MULTIUSOS
PRAZA DE ABASTOS
20.00H

DESFILE DE MODA PRESENTADO POR:
LUCÍA PÉREZ

ACTUACIÓN MUSICAL
**GALIFUNK
BRASS**

ESTRELA DE MARÍN
MARÍN
DEPUTACIÓN PONTEVEDRA
XUNTA DE GALICIA

O noso presidente José Ramón Caldas asistiu ao desfile de moda do pasado 21 de setembro. Esta primeira edición, resultou ser todo un éxito de comercios participantes superando todas as

expectativas dos organizadores. O Multiusos da Praza de Abastos, quedou pequeno para ver a presentación da tempada outono- inverno, que mostraron os establecementos participantes.

Nesta edición, participaron establecementos de moda infantil, moda home, moda muller, calzado infantil e adulto, deporte, lenzaría e complementos ademais dun pase, no que se mostraron os peiteados máis actuais.

Os modelos exhibiron no pase de barbería camisetas coa mensaxe " Querémonos vivas" a través do que a organización quixo mostrar o rexeitamento social á secuela da violencia machista



Como mestra de cerimonia actuou a cantante eurovisiva Lucía Pérez, que foi moi aplaudida na súa actuación



❖ CURSO DE PREVENCIÓN DE RISGOS LABORAIS DE ATRA NA AULA DE FORMACIÓN DE APE GALICIA

O Convenio Estatal do Metal (CEM) esixe formación en Prevención de Riscos Laborais a todos os traballadores por conta allea que presten servizos de reparación de vehículos. Por iso, ATRA (Asociación Autónoma de Empresarios de Talleres de Reparación de Vehículos de Pontevedra) organizou varios cursos de Prevención de Riscos Laborais para traballadores das áreas de produción e/ou mantemento de talleres de reparación de vehículos, un dos cales foi impartido na aula de formación de APE Galicia os días 10, 12, 17 e 19 de outubro en horario de 15:30 a 20:30 horas.

Nos próximos meses seguirán impartindo esta formación, polo que si fose do seu interés poden contactar con esta asociación no teléfono 986 224 702 ou enviando un correo a medioambiente@atra.gal



❖ APE GALICIA ACODE A REUNIÓN DO CONSELLO ESCOLAR IES CHAN DO MONTE.

José Ramón Caldas (Presidente de APE GALICIA) e Sonia Acuña (Secretaría Técnica acudiron o pasado 13 de setembro á primeira reunión do Consello Escolar do curso 2019-2020. APE Galicia continúa un ano máis formando parte deste consello como representante do sector empresarial.

IES Chan do Monte está a realizar, desde hai varios anos, mobilidades de alumnos de educación superior e, desde o ano 2015, mobilidades de alumnos de Formación Profesional que supoñen unha significativa mellora nas capacidades profesionais e a experiencia formativa e laboral dos alumnos.

Todas estas actuacións están a ter gran repercusión a nivel local e supoñen un plus de estímulo para os futuros alumnos do centro, polo que ademais de formar parte do Consello Escolar, APE Galicia e IES Chan do Monte colaboran activamente na difusión do programa Erasmus+, por unha banda para informar aos seus asociados e, pola outra, para favorecer a inserción laboral dos alumnos participantes no mesmo.



❖ **APE GALICIA ACODE A INAUGURACIÓN DO TALLER DE ESCAPARATISMO ORGANIZADO POLA FEDERACIÓN GALEGA DE COMERCIO DE OURENSE**



Ape Galicia acudiu á presentación do taller de escaparatismo organizado pola Federación de Comercio de Ourense impartido por Cany Juncal Ave, Técnico experto en Visual Merchandising.

Á presentación do taller tamén acudiu a presidenta de Federación de Comercio de Ourense Dona Beatriz Gómez Valcárcel.

❖ **APE GALICIA RETOMA EN SETEMBRO AS XORNADAS DE PRL.**

APE Galicia, en colaboración con algunhas das súas asociacións vinculadas retomou

durante o mes de setembro as xornadas de Prevención de Riscos Laborais concedidas e financiadas pola Xunta de Galicia, e dirixidas a distintos sectores.

Durante o mes de setembro realizáronse xornadas de PRL dirixidas aos sectores da hostalería, comercio e alimentación.

As xornadas de PRL para o sector da alimentación celebráronse o día 19 de setembro en Ourense na Confederación Empresarial de Ourense (CEO), o 24 de setembro en Vigo na sede da Asociación Provincial de Panadeiras e Pasteleiros (APROINNPA) e o 26 de setembro na Asociación de Comerciantes e industriais de Tui (ACITUI).

O día 11 de setembro impartíuse en Ourense unha xornada de PRL para o sector da hostalaría xunto con a xornada do sector de alimentación na Confederación Empresarial de Ourense (CEO).

O día 24 de setembro impartíuse na asociación de Comerciantes e Empresarios de Baiona (ACEBA) unha xornada de PRL no sector do comercio.

Estas xornadas están dirixidas a traballadores autónomos, asalariados ou calquera persoa que estea a pensar traballar por conta allea, ou que xestionan e/ou dirixen pequenas empresas.

O obxectivo destas xornadas é o de xerar conciencia nos asistentes da importancia de implantar unha “cultura preventiva” na empresa, concienciar aos asistentes das vantaxes que supón a creación de contornas laborais seguros para a empresa a nivel económico, laboral e persoal, e darlles a coñecer as principais responsabilidades que, como empresa téñense en materia preventiva.

24 SETEMBRO
17:00 HORAS

OBJETIVO:
SENSIBILIZAR DAS CONSECUCIÓNS PERSOAIS, ECONÓMICAS E MESMO MORAIS QUE SUPÓN PARA O EMPRESARIO A FALTA DE SEGUIMENTO DA NORMATIVA DE SEGURIDADE LABORAL.

XORNADA DE PRL NO SECTOR DA ALIMENTACIÓN

INSCRIPCIÓNS:
info@apegalicia.es
986 891 657

CO FINANCIAMENTO DE:
XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

ORGANIZA:
ape
ASOCIACIÓN DE AUTÓNOMOS E EMPRESARIOS DE GALICIA

COLABORA:
Aproimppa

OBJETIVO:
SENSIBILIZAR DAS CONSECUCIÓNS PERSOAIS, ECONÓMICAS E MESMO MORAIS QUE SUPÓN PARA O EMPRESARIO A FALTA DE SEGUIMENTO DA NORMATIVA DE SEGURIDADE LABORAL.

XORNADA DE PRL NO SECTOR DA ALIMENTACIÓN

PIDE INFORMACIÓN:
info@apegalicia.es
986 891 657

CO FINANCIAMENTO DE:
XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

ORGANIZA:
ape
ASOCIACIÓN DE AUTÓNOMOS E EMPRESARIOS DE GALICIA

XORNADA DE PRL NO SECTOR DA ALIMENTACIÓN

OBJETIVOS

- Xerar conciencia nos asistentes da importancia de implantar unha "cultura preventiva" na empresa.
- Concienciar nos asistentes das vantaxes que supón a creación de contornos laborais seguros para a empresa e nivel económico, laboral e persoal.
- Coltecer as principais responsabilidades que, como empresa téñense en materia preventiva e entender a seguridade laboral como un compromiso no todo os seus integrantes: empresarios, traballadores, colaboradores e provedores.
- Coltecer as claves de actuación preventiva nos pequenos negocios de alimentación que garantan a seguridade das persoas que nela traballan e as responsabilidades que debe asumir o empresario para garantilas.

PÚBLICO OBJETIVO
Traballadores autónomos, emprendedores, ou calquera persoa que este pensando traballar por conta alíea, que visitaran algún destes pequenos negocios de alimentación.

NÚMERO DE HORAS E DESENVOLVEMENTO DA XORNADA
A xornada desenvolverase cunha duración de 2 horas presenciais.

CO FINANCIAMENTO DE:
XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

ORGANIZA:
ape
ASOCIACIÓN DE AUTÓNOMOS E EMPRESARIOS DE GALICIA

COLABORA:
Aproimppa

OBJETIVOS

- Xerar conciencia nos asistentes da importancia de implantar unha "cultura preventiva" na empresa.
- Concienciar nos asistentes das vantaxes que supón a creación de contornos laborais seguros para a empresa a nivel económico, laboral e persoal.
- Coltecer as principais responsabilidades que, como empresa téñense en materia preventiva e entender a seguridade laboral como un compromiso de todos os seus integrantes: empresarios, traballadores, colaboradores e provedores.
- Coltecer as claves de actuación preventiva nos pequenos negocios de alimentación que garantan a seguridade das persoas que nela traballan e as responsabilidades que debe asumir o empresario para garantilas.

PÚBLICO OBJETIVO
Traballadores autónomos, emprendedores, ou calquera persoa que este pensando traballar por conta alíea, que visitaran algún destes pequenos negocios de alimentación.

NÚMERO DE HORAS E DESENVOLVEMENTO DA XORNADA
A xornada desenvolverase cunha duración de 2 horas presenciais.

CO FINANCIAMENTO DE:
XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

ORGANIZA:
ape
ASOCIACIÓN DE AUTÓNOMOS E EMPRESARIOS DE GALICIA

INSCRIPCIÓNS:
info@apegalicia.es
986 891 657

OBJETIVO:
SENSIBILIZAR DAS CONSECUCIÓNS PERSOAIS, ECONÓMICAS E MESMO MORAIS QUE SUPÓN PARA O EMPRESARIO A FALTA DE SEGUIMENTO DA NORMATIVA DE SEGURIDADE LABORAL.

XORNADA DE PRL NO SECTOR DO PEQUENO COMERCIO

24 SETEMBRO
20:00 HORAS

CO FINANCIAMENTO DE:
XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

ORGANIZA:
ape
ASOCIACIÓN DE AUTÓNOMOS E EMPRESARIOS DE GALICIA

COLABORA:
aceba
BAIONA
REAL

XORNADA DE PRL NO SECTOR DO PEQUENO COMERCIO

OBJETIVOS

- Xerar conciencia nos asistentes da importancia de implantar unha "cultura preventiva" na empresa.
- Concienciar nos asistentes das vantaxes que supón a creación de contornos laborais seguros para a empresa a nivel económico, laboral e persoal.
- Coltecer as principais responsabilidades que, como empresa téñense en materia preventiva e entender a seguridade laboral como un compromiso de todos os seus integrantes: empresarios, traballadores, colaboradores e provedores.
- Coltecer as claves de actuación preventiva no pequeno comercio, que garantan a seguridade das persoas que nel traballan e as responsabilidades que debe asumir o empresario para garantilas.

PÚBLICO OBJETIVO
Traballadores autónomos, emprendedores, ou calquera persoa que este pensando traballar por conta alíea, que visitaran algún destes pequenos comercios.

NÚMERO DE HORAS E DESENVOLVEMENTO DA XORNADA
A xornada desenvolverase cunha duración de 3 horas presenciais.

PROGRAMA

- 20.00-20.15 Entrega de material divulgativo.
- 20.15-20.30 Inauguración da xornada.
- 20.30-21.00 Fase Inpositiva.
- 22.-22.30 Fase Participativa.

CO FINANCIAMENTO DE:
XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

ORGANIZA:
ape
ASOCIACIÓN DE AUTÓNOMOS E EMPRESARIOS DE GALICIA

COLABORA:
aceba
BAIONA
REAL

INFORMACIÓN PARA AUTÓNOMOS

APE GALICIA SE ENTREVISTASE CO A CONCELLEIRA DE EMPREGO, FORMACIÓN, IGUALDADE E XUVENTUDE, COMERCIO E MERCADO ANA MARÍA NÚÑEZ ÁLVAREZ, DO CONCELLO DE TUI

O día 11 de setembro o Presidente da asociación de Autónomos e Pequenas Empresas de Galicia (APE), José Ramón Caldas e Sonia Acuña (Secretaría Técnica) entrevistáronse con Ana María Núñez Álvarez Concelleira de Emprego do Concello de Tui.

O obxecto da reunión foi establecer a futura firma dun convenio de colaboración, coa finalidade de contribuír a unha mellora na formación dos autónomos e as súas demandas e intereses.



CONCELLO DE TUI

❖ VENRES AUTÓNOMOS

Dende que no 2017 a Xunta de Galicia puxo en marcha a Estratexia Autónimo 2020 leváronse a cabo unha serie de medidas encamiñadas a impulsar e consolidar a Galicia como o mellor espazo onde desenvolver iniciativas con éxito no campo do emprego autónomo e o emprendemento.

O 20 de setembro celebrouse na Coruña o primeiro " Venres Autónomo". Trátase dun encontro co que se busca coñecer de preto a realidade do colectivo, facilitando espazos de diálogo para demostrar así o apoio da Administración aos traballadores autónomos.

A seguinte edición será o próximo 4 de outubro, e estará presidida como a anterior, polo conselleiro de Economía, Emprego e Industria, Francisco Conde. Este novo encontro, que terá lugar a partir das 9:30 horas no Espazo Muta (rúa de Joaquín Loriga, 9 - Vigo), pretende de novo ser un encontro aberto entre a administración e os traballadores por conta propia para que estes últimos expoñan as súas principais preocupacións, poder coñecer de preto a realidade deste colectivo e escoitar cales son as súas propostas

VENRES AUTÓNOMOS
PROGRAMA 2019

A nosa forza

Encontros Autónomos de Galicia

A CORUÑA 20S

- 09:00 H Benvinda por parte da secretaria xeral de Emprego, Covadonga Toca.
- 09:05 H Presentación de experiencias e proxectos en primeira persoa.
- 09:30 H Algunhas claves de comunicación como ferramenta de traballo no ámbito autónomo a cargo de Daniel Formoso. Bloque I.
- 09:45 H O conselleiro de Economía, Emprego e Industria, Francisco Conde responde.
- 10:00 H Café "networking".
- 10:30 H Algunhas claves de comunicación como ferramenta de traballo no ámbito autónomo a cargo de Daniel Formoso. Bloque II.
- 11:00 H Fin do encontro.

galicia Xacobeo 2021 XUNTA DE GALICIA

En Galicia uno de cada cinco traballadores é autónomo, sendo a Comunidade é a que conta cunha maior estabilidade neste tipo de emprego, con seis de cada 10 negocios con máis de cinco anos de antigüidade. A través

da Estratexia Autónoma 2020, un acordo consensuado co sector a través da Mesa do Autónomo, trátase de adoptar medidas para a mellora dos traballadores autónomos, que inclúen o fortalecemento do negocio, a contratación e a atención ás novas demandas.

❖ **PROGRAMA PROFESIONAIS 4.0. LEMBRÁMOSVOS QUE FINALIZA O PRAZO O PRÓXIMO 7 DE OUTUBRO**

Axudas para a incorporación de novos titulados a actividades de mellora competitiva das empresas (Programa Talento Industria 4.0).

O obxecto das axudas é a incorporación, tutorizada e con garantías de formación, de novos titulados universitarios e de formación profesional ás empresas ou a outras entidades de soporte, para realizar traballos que melloren as capacidades do tecido empresarial.

Poderán ser beneficiarios destas axudas:

a) As empresas con 2 ou máis empregados por conta allea equivalentes a tempo completo no momento da solicitude que sexan sociedades con personalidade xurídica propia ou autónomas e que teñan un centro de traballo en Galicia no que se vaia a realizar o proxecto.

b) Os organismos intermedios de carácter empresarial de Galicia. Entenderanse como tal a efectos destas axudas as entidades con personalidade xurídica propia, sen ánimo de lucro, con domicilio social ou centro de traballo en Galicia, que pertencen a unha das seguintes categorías: asociacións empresariais, fundacións empresariais ou universidade-empresa ou agrupacións industriais empresariais.

Prazo de presentación de solicitudes: do 07/08/2019 ao 07/10/2019

Procedemento IG502A. DOG do 6 de agosto.

❖ **ABERTO O PRAZO PARA OS PREMIOS COMERCIO GALEGO 2019**

Dende a Consellería de Economía, Emprego e Industria estase a impulsar a un sector comercial forte e capaz de adaptarse ás novas tendencias. En liña co Plan de impulso ao comercio galego 2015-2020, un dos principais retos refírese ao establecemento dun novo modelo de comercio intelixente que sitúe o cliente no centro da súa estratexia aproveitando todos os recursos á súa disposición.

As novas fórmulas de comercio, tanto a través das ferramentas tecnolóxicas ou en liña, como a través de espazos e tendas máis adaptadas ás necesidades actuais dunha poboación cada vez máis esixente, son imprescindibles para que o comercio sega a consolidar a súa presenza social e económica en Galicia, asumindo o reto de acadar un comercio "intelixente".

Así, con estes premios a Xunta de Galicia busca recoñecer e valorar o labor dos comercios tradicionais na innovación do comercio a través da evolución tecnolóxica, e así visualizar a excelencia e a importancia dos comercios galegos nas novas estratexias comerciais, distinguindo aqueles que apostan por situar ao cliente no centro da súa estratexia, aproveitando todos os recursos á súa disposición para achegarlle unha mellor oferta.

Os Premios Comercio Galego distinguirán aos establecementos que executan, a nivel provincial e autonómico, a súa xestión comercial mediante accións innovadoras que comporten unha clara diferenciación, unha mellora na fidelización e a personalización do servizo e do produto,

para o cal se valorarán a transformación dixital, os servizos engadidos á propia oferta comercial, accións promocionais especiais e utilización de ferramentas tales como a web, o teléfono e as redes sociais como canles de comunicación e venda, e a integración entre as canles en liña e sen conexión.

En concreto, os premios Comercio Galego 2019, contan coas seguintes modalidades:

- Premio Comercio de Galicia, cunha contía de 9.000 euros.
- Premio Comercio Provincial, cunha contía de 4.000 euros.
- Premio Iniciativa Dixital para asociacións de comerciantes, cunha contía de 2.000 euros.

Prazo de presentación: do 25/09/2019 ao 24/10/2019.

Para máis información, visita a nosa web:
<http://www.apegalicia.es/>



APE GALICIA

Tfno.: 986 89 16 57

Móvil: 697 195 540

E-mailia.es

Gagos de Mend:

info@apegalicia N°2,

Bajo 2 - 36001

Pontevedra

